

O TTIP EN TRES PALABRAS

O TTIP (Tratado Transatlántico de Comercio e Investimento) adoita presentarse como un tratado de libre comercio que pretende eliminar barreiras comerciais a través da redución de aranceis e, sobre todo, da harmonización regulamentaria. A música soa preciosa, a letra da canción inclúe liberdade e harmonía, que a todos nos alegran o espírito, e o estribillo fala da creación de postos de traballo e riqueza. O problema é que os promotores deste acordo non entenden por ningunha das palabras que acabo de citar o mesmo ca vostede e ca min. Examinémolas unha por unha, empezando pola máis sonora de todas elas:

Libre?

Pois depende para quen. Unha das cousas que se requiren para a existencia de liberdade é a posibilidade dunha toma de posición informada sobre os asuntos que nos afectan. Esta posibilidade négásenos como consumidores e, o que é máis importante, como cidadáns. Négásenos, en primeiro lugar, porque, por todos os medios, tratouse de impedir a chegada de información á cidadanía sobre os termos das negociacións. Tivemos que descubrir a través de Wikileaks e doutras filtracións que era o que se estaba a negociar. E máis: a día de hoxe, cando os eurodeputados que nos próximos meses terán a responsabilidade de votar a favor ou en contra do acordo queren acceder aos seus textos, teñen que facelo baixo unhas condicións indignas: non todos os deputados poden

acceder a eles, só os membros dalgunhas comisións cuxas competencias están afectadas polo acordo teñen que firmar unha cláusula de confidencialidade, teñen que lelo nunha sala de lectura específica, á que acceden acompañados dun vixilante, e non lles permiten levar cámara, teléfono ou mesmo bolígrafo propio. E, o máis gracioso, teñen que pedir por anticipado que partes queren ler, cando non existe certeza dos documentos que existen.

No caso de España, tanto os grandes partidos como os principais medios de comunicación evitaron, durante meses, tratar o tema. Mesmo na campaña das eleccións europeas, cando resultaba un asunto absolutamente central, non formou parte do debate. Só agora, ante o crecente rexeitamento cidadán derivado da información sacada á luz polos movementos sociais, vense na obriga de replicar as críticas (e a esixencia da Defensora do Pobo Europeo), por unha banda, liberando partes dos textos de negociación e, por outra, mediante campañas propagandísticas.

Non acaba aí a cousa. O tratado incorpora cláusulas para que aqueles temas que non poidan resolverse durante a negociación poidan ser acordados por unha comisión sen seren aprobados por ningún organismo democrático. Un perfecto coador para que todos aqueles temas espíñosos ou que preocupan a opinión pública poidan ser filtrados pola porta de atrás no futuro.

Tampouco como consumidores imos gozar de maior soberanía. Sirva de exem-

deBullando

plo o caso dos transxénicos. Este tipo de organismos modificados son considerados pola lexislación norteamericana equivalentes aos convencionais e, polo tanto, a diferenza con Europa, non teñen que ser etiquetados de modo diferenciado. Deste modo anúlase tamén a liberdade de elixir se se quere ou non consumir estes produtos.

Barreiras?

Cando un escoita falar de barreiras ao comercio internacional, pensa no que tradicionalmente se veñen considerado como tal: continxentes, aranceis e trabas administrativas. Poderían engadirse incluso as subvencións. Todo este tipo de elementos teñen sido discutidos reiteradamente no ámbito das alternativas de política económica entre fomento da industria nacional e apertura aos mercados exteriores. No marco dos tratados de libre comercio o alcance vai moito máis alá, de modo que xa non é a normativa que afecta as importacións a que se considera unha barreira, senón todo tipo de normativa que limite a iniciativa privada (neste caso, a estranxeira), incluíndo normativas laborais, ambientais, sociais, urbanísticas ou de calquera outro tipo. Un mero planeamento urbanístico podería considerarse "expropiación regulamentaria" e, polo tanto, obrigar a unha indemnización no marco do ISDS (mecanismo de resolución de disputas entre investidores e Estado), que constitúe un dos elementos centrais deste tipo de tratados.

Unha mostra desa concepción é a denuncia contra a regulación europea sobre transxénicos que os EEUU presentaron ante a Organización Mundial de Comercio en 2004, alegando que constituía un

"obstáculo para o comercio". Certamente, as garantías para a preservación da saúde do medio natural e das persoas que establece a normativa europea están a frear a penetración de produtos norteamericanos potencialmente daniños. Do mesmo modo que frea a importación de produtos químicos perigosos a normativa REACH. Non en van, ambas forman parte do conxunto de barreiras para as que os negociadores norteamericanos esixen un salvoconduto.

O papel do ISDS á hora de "liberar" o comercio e o investimento de condicionantes regulamentarios vén sendo o dun martelo de forxa. En teoría, este mecanismo foi creado para protexer os investimentos das empresas (occidentais) en países en vías de desenvolvemento cuxos sistemas legais podían carecer de garantías suficientes, e de aí que salte os supostamente pouco fiables tribunais nacionais.

Podemos pensar que a situación mellore con esta alternativa? Hai varias razóns para pensar que non, particularmente porque carece dos incentivos e mecanismos de control adecuados. En primeiro lugar, os tribunais están formados por avogados corporativistas pertencentes a grandes bufetes internacionais aos que se designa nos roles de xuíz, fiscal e defensor, cobrando uns honorarios que poden acadar os 1000 dólares por hora e avogado. Un preito destas características pode chegar a custar entre 8 e 30 millóns de dólares. Pero todo este negocio non existiría se as empresas carecesen de incentivos para demandar. Efectivamente, en aproximadamente o 60% dos casos a empresa gaña, é dicir, o Estado paga unha indemnización ou cambia as normas en beneficio das empresas. En definitiva, a definición do tribunal provoca que se demande, non só para

deBullando

protexer os intereses empresariais, senón como estratexia de negocio.

Ademais, neste tipo de tribunais non existe a posibilidade de apelación dos ditames, negándose así o mecanismo de perfeccionamento da xustiza e garantía contra a arbitrariedade. De feito, mesmo moitos dos laudos son secretos.

Chegados aquí, cómpre facérmonos unha pregunta: podemos acaso pensar que os tribunais ordinarios de Europa e os EEUU son particularmente lesivos cos intereses empresariais? E a resposta non ofrece dúbidas, non é seguridade xurídica o que se pretende, senón vantaxe xurídica. De feito, o principal perigo do ISDS é que vulga os casos só en función dos termos establecidos no tratado correspondente. Consecuentemente, as normativas nacionais en materia laboral, ambiental, social ou de calquera outro tipo non son vinculantes. Todo o que non estea recollido no tratado, non existe. E mentres os temas relativos a comercio e investimento son tratados minuciosamente, temas como o ambiente ocupan apenas folio e medio no TTIP.

Debido ás críticas que este sistema está a recibir, a Comisión Europea vén de propoñer unha modificación, o denominado *Sistema de Tribunal de Investimentos*, que, se ben introduce a posibilidade de recurso e a creación de tribunais profesionais (nun prazo non especificado), continúa sen resolver problemas fundamentais como o feito de que só as empresas poden demandar. Discrimina empresas nacionais e cidadanía fronte a investidores estranxeiros. Sobre todo, segue sen recoñecer a normativa nacional.

Queda un detalle, non precisamente menor, que é que este tipo de trata-

dos recoñece o dereito das empresas estranxeiras a seren indemnizadas, non só por expropiacións directas (o cal xa está recollido nas normativas ordinarias), senón tamén por calquera expropiación indirecta, é dicir, por lucro cesante debido á actividade regulamentaria pública. Sirva de exemplo a demanda da multinacional francesa Veolia, empresa concesionaria do servizo de xestión do lixo no Cairo, contra o goberno exipcio pola suba dos salarios de acordo á inflación. Ou a demanda da sueca Vattenfall, que opera dúas plantas nucleares en Alemaña, pola decisión deste país de abandonar progresivamente a produción de enerxía nuclear.

Harmónico?

A Comisión Europea sinala que a presión final é que os reguladores europeos e norteamericanos colaboren máis estreitamente. Así mesmo, sosteñen que o grao de seguridade e calidade da normativa é similar. Dous exemplos tipicamente esgrimidos das vantaxes da harmonización regulamentaria son o caso dos intermitentes dos vehículos (vermello nos EEUU e amarelo en Europa) ou o caso da exportación de ostras europeas, xa que a lexislación norteamericana esixe que se analice a salubridade da auga onde se cultiva e a europea que se analice o propio produto, ofrecendo ambos métodos resultados similares. Naturalmente, non temos nada en contra da resolución destas diferenzas, mais tampouco consideramos que fagan falla grandes alforxas para esa viaxe.

A realidade é que, en aras da harmonización lexislativa, podería acceder ao mercado europeo carne lavada con cloro. Esta práctica permite reducir controis sanitarios, alongar a vida dos produtos e, en

deBullando

definitiva, maximizar o beneficio á conta de introducir lixivia na dieta. O mesmo cabe dicir do tema do uso de antibióticos na gandería, dada a moito máis permissiva norma estadounidense, que facilita o seu uso masivamente, non só con fins preventivos, senón tamén para estimular o crecemento dos animais. Alcanzaría incluso aspectos como as denominacións de orixe, que os norteamericanos consideran competencia desleal, de modo que reclaman que produtos elaborados nos EEUU poidan comercializarse en Europa baixo marcas comerciais que indiquen viño de Porto, queixo roquefort ou Rioja.

Pero hai máis. O TTIP configúrase como un tratado vivo, un proceso de negociación permanente que se articularía a través do *Consello de Harmonización Regulamentaria*. Neste órgano terían asento, en igualdade de condicións, os representantes das partes negociadoras (Comisión Europea e Goberno dos EEUU) e representantes das multinacionais, que deste modo terían a facultade de participar na elaboración de regulacións, modificar leis xa existentes, paralizar procesos legislativos e facelo, ademais, antes de que os parlamentos nacionais puidesen intervir. Implica que asuntos espiñentos ou controvertidos poderían ser canalizados a través desta comisión, de xeito que deixarían de estar sometidos a control democrático e escrutinio cidadán.

Unha última pregunta

En definitiva, trátase dun tratado cun obxectivo simple, incrementar a produtividade das multinacionais á conta de reducir as esixencias ambientais, sociais, laborais, sanitarias, etc. Sen dúbida, provocará a creación de riqueza, pero tampouco neste asunto será da maneira que os seus promotores nos venden.

As sociedades humanas comercian dende hai 9.000 ou 10.000 anos, é dicir, desde que empezou a haber excedentes agrícolas e descubriron que mediante o intercambio podían obter cousas das que carecían a cambio doutras que lles sobaban, acadando, deste modo, un maior benestar. Nin é isto o que se cuestiona, nin é isto o que motiva os tratados de libre comercio. Polo contrario, baixo a aparente bondade e mesmo candidez da propaganda do TTIP, ou doutros tratados similares en negociación, agóchase unha profunda transformación das institucións que implica unha mingua das nosas liberdades e calidade de vida, a supeditación do público ao mercantil e da democracia ao proceso de acumulación das multinacionais. A cuestión definitiva é: que imos facer para paralo?

Gonzalo Rodríguez Rodríguez

ATTAC-Galicia

Profesor do Departamento de Economía Aplicada da USC